

CEN ANOS DE GALEUZCA: A PERIFERIA CONTRA O ERMO

A HUNDRED YEARS SINCE GALEUZKA: THE PERIPHERY OF THE PLATEAU

XOSÉ ESTÉVEZ*

Universidad de Deusto
Instituto Galego de Historia

Rebut 14 maig 2024 - Acceptat 2 juliol 2024

RESUM: L'article presenta la trajectòria històrica del moviment Galeuzca per mitjà dels seus principals documents, des del moment inicial en el Pacte de la Triple Aliança de l'11 de setembre de 1923 a Barcelona fins a la Declaració de la Llotja de 2019, també a la capital catalana. Aquest moviment d'unitat i solidaritat entre els nacionalistes gallegs, bascs i catalans va pretendre com a objectiu fonamental assolir més alts nivells d'autogovern segons uns; aconseguir un sistema federal o confederació, segons uns altres, i transitar directament cap a la independència per a uns altres. El moviment trinacional va registrar moments àlgids, com a l'exili de la Guerra Civil, concretats en acords el 1923, 1924, 1925, 1933, 1941, 1945-46, 1958-59, 1998, 2004, 2015 i 2019.

PARAULES CLAU: Nacionalisme gallec, nacionalisme basc, nacionalisme català, Galeuzca, Galeuscat.

ABSTRACT: The article shows the historical path of the Galeuzca movement by means of its main documents, from the initial moment of the Pact of the Triple Alliance on the 11th of September 1923 in Barcelona to the Declaration of the Llotja of 2019, also in the Catalan capital. This movement of unity and solidarity between Galician, Basque and Catalan nationalists had the main goal of achieving higher levels of self-government according to some; obtaining a federal or confederal system, according to others, and moving directly towards independence for others. The tri-national movement experienced critical moments, such as exile from the Civil War, specified in agreements 1923, 1924, 1925, 1933, 1941, 1945-46, 1958-59, 1998, 2004, 2015 and 2019.

KEYWORDS: Galician nationalism, Basque nationalism, Catalan nationalism, Galeuzca, Declaration of Barcelona, Galeuscat.

(*) xoseestevez@telefonica.net

I. INTRODUCIÓN

O pasado año, 2023, cumpliuse o centenario do primeiro acordo trinacional periférico, a Triple Alianza de 1923, selada en Barcelona durante a noite do 11 de setembro, en coincidencia coa Diada Nacional, o 90 aniversario do Pacto de Compostela, xa denominado Galeuzca, de 1933, e o 25 aniversario da Declaración de Barcelona de 1998. As tres efemérides pasaron con máis pena que gloria nas tres nacións. Con tal motivo a editorial Nabarralde dignouse publicar o meu libro titulado: *Galeuzca: la periferia contra el páramo. Cien años de Galeuzca*. Agradezo tamén aos xestores do Butlletí de la Societat Catalana d'Estudis Històrics a inmensa xenerosidade non só de publicar neste artigo, senón tamén de permitilo na lingua de Rosalía de Castro e Castelao.

O movemento Galeuzca das tres nacións periféricas integrantes partiu da desacouganante necesidade de articular un bloque trinacional unitario e solidario fronte o tradicional e férrido centralismo do Estado español por parte dos tres nacionalismos. Pode definirse como a procura constante, concretada en pactos cíclicamente asinados, dunha entente vasco-galego-catalana para conseguir cotas crecientes de autogoberno, que transitaban desde a autonomía integral para uns, pasaban polo federalismo e/ou confederalismo para outros, pretendían unha soberanía ansiada e remataban directamente na independencia para algúns.

A utilización das siglas *Galeuzca* foi unha feliz iniciativa xerada na primavera de 1933 a cargo do catalanista Josep Maria Batista i Roca, secretario da entidade *Palestra*, en conxunción cos órganos directivos do Gipuzko Buru Batzar (GBB), a sazón presidido por Telesforo de Monzón. O nome como tal apareceu por primeira vez o 13 de maio de 1933 no xornal nacionalista bilbaíno *Euzkadi*.

Deica 1923 as relacións reduciránse a contactos esporádicos, puntuais e bilaterais entre rexionalistas e/ou nacionalistas cataláns e galegos ou cataláns e vascos, con intres álxidos en 1905, 1907 e 1917-18. Dende esa data de 1923 os acordos serían trinacionais, aínda que manterían ese carácter cílico, temporal, alternante, con impulsos aceleradores e momentos de estancamiento. Resumimos a continuación os fitos e convenios más referenciais.

2. A TRIPLE ALIANZA (1923)

O contexto deste pacto hai que encadralo dentro da chamada crise da Restauración, á que mesmamente alude o chamamento inicial de Acció Catalana, publicado en *La Publicitat* (Editorial: «Galicia, Vasconia y Catalunya», LP, 8/7/1923). Por outro banda convén ter en conta que os tres nacionalismos periféricos achábanse divididos en diferentes forzas políticas á altura de 1923. En Galiza existían as Irmandades da Fala, escoradas cara unha liña de participación política, mentres que a Irmandade Nacionalista Galega decantábase por un labor máis cultural. En Euskal Herria o Partido Nacionalista Vasco mostrábase máis radical e independentista e a Comunión Nacionalista Vasca operaba nun ton máis moderado. En Catalunya fronte a hexemónica Lliga Regionalista xurdiran Estat Català, liderado por Francesc Macià, independentista, Unió Socialistas de Catalunya, que intentaba compaginar cuestión social y nacional, Unió Catalanista (1891), unha entidade viveiro de nacionalistas, e Acció Catalana, de centro esquerda. Ao chamamento inicia desta última forza, xa mencionado, adheriuse inmediatamente o PNV e posteriormente foron incorporándose os restantes partidos citados das tres nacións, agás a Lliga e USC.

A Tripla Alianza, bautizada por Antoni Rovira Virgili como «L'aliança del mar contra l'erm» (LP, 9/8/1923), foi asinada o 11 de setembro de 1923 polos partidos e entidades catalanistas, Estat Català, Acció Catalana e Unió Catalanista, o vasco PNV e as galeguistas, Irmandades da Fala e Irmandade Nacionalista Galega. A Comunión Nacionalista Vasca quedou en subscribila tras unha consulta ás Bases, que non se produciría por mor do levantamento primorri-verista. Situáronse definitivamente fóra a maioritaria e conservadora Lliga e a minúscula Unió Socialista de Catalunya.

O texto do pacto é o seguinte.

«Reunidos en Barcelona, el 11 de septiembre del año 1923, en el 209º aniversario del asalto de la ciudad por los ejércitos de las dos coronas de Francia y España, los representantes de los patriotas vascos, gallegos y catalanes.

I. PACTAN solemnemente una alianza para la acción conjunta y mutua ayuda en la campaña por la libertad nacional de los tres pueblos.

II. DENUNCIAN que el régimen impuesto por el Estado español a Cataluña, Euskadi y Galicia es hijo de las violencias pasadas y de las coacciones presentes, y que está falso de su consentimiento.

III. PROTESTAN de que dentro de la Europa reconstruida según el principio de la libertad de las naciones grandes y pequeñas, Euskadi, Cataluña y Galicia continúen sometidas, en contra de su voluntad, a las instituciones, a las leyes, a la lengua y a los gobiernos que no le son propios.

IV. REIVINDICAN el derecho de las tres naciones a disponer libremente de los propios destinos y a vivir según un régimen de plena soberanía política, sin otras limitaciones que aquellas que, respetando las facultades esenciales de la nacionalidad, sean exigidas por la convivencia humana en la civilización o puedan ser aconsejables por los intereses de orden económico y las realidades de orden geográfico.

V. AFIRMAN la voluntad de los gallegos, de los catalanes y de los vascos de conquistar con el propio esfuerzo y por todos los medios lícitos, la libertad nacional.

VI. PROCLAMAN, para el caso de que la voluntad nacional de lo pueblos de Cataluña, Euskadi y Galicia siguiese reconocida y pisada por el Estado español, el derecho a la apelación heroica.

VII. ACUERDAN: a) Constituir un Consejo de tres delegados, uno por cada nación, que representarán al conjunto de las organizaciones patrióticas de los tres pueblos y servirán de lazo de unión entre estos; b) confiar al Consejo, asesorado debidamente en aquello que haga falta, la tarea de establecer los convenios concretos que respondan a la finalidad del presente pacto y que en cada momento las circunstancias puedan exigir.

VIII. DECLARAN en nombre de los patriotas vascos, gallegos y catalanes que es su propósito unir las voces en el grito de justicia, darse las manos en la propaganda, unir las fuerzas en la lucha y, si es necesario, mezclar la sangre en el sacrificio».¹

O teor do texto é claramente arredista, sulcado de algunas doses utópicas, con dúas veladas alusións ó uso en última instancia da loita armada e sen eludir o dereito a decidir nunha Europa da posguerra onde imperaba o principio das nacionalidades. Omitíanse mencións á problemática social. O pacto non prosperou por mor dalgunhas disensións internas e doutras eivas, pero, sobre todo,

1. Arxiu Jaume Bofill i Mates; Biblioteca de Catalunya; grup VI: Manuscrits, Secció Política Catalunya, núm. 28. ANC. Fons Macià, número 264. Projectes d'acció política, 03.08.01.03; J. CASSASAS; J. YMBERT (1983), p. 70-72; X. ESTÉVEZ, (1991), p. 656-657.

debido ao golpe militar de Primo de Rivera aos dous días, 13 de setembro, que implantou a ditadura, coexistente con la monarquía alfonsina, até 1930.

3. ANTEPROXECTOS NO EXILIO (1923-1930)

Nunha vertente semellante a da Tripla Alianza situaríamos o anteproxecto de «Liga de Naciones Oprimidas».² Foi remitido a Francesc Macià polo aberriano vasco Telesforo Uribe-Echebarría, participante peneuvista na Tripla, re-elaborado e dado a coñecer á opinión pública polo catalán en París o 9 de setembro de 1924. Se nos atemos a unha sinxela interpretación do texto, que non inclúo completo pola súa excesiva lonxitude, observamos notables diferencias a respecto da Tripla Alianza, tanto na forma como en el contido.

1) Persistía a apelación á vía armada, pero as nacións integrantes superaban o marco trinacional, pois abrangían países extrapeninsulares e tan distantes como Filipinas, India, Marrocos e Irlanda, ademais de Euzkadi y Catalunya, deixando fóra incomprensiblemente a Galiza, malia suporse que podería ingressar a posteriori.

2) Advertíase a influencia da vía irlandesa, non só na loita armada, senón tamén coa mención á creación de asociacións de amigos da liberdade nos países onde existisen comunidades de emigrantes das nacións concernidas, como xa facían en EEUU. as colonias de irlandeses emigrantes.

3) Aludíase á Sociedade de Nacións (SDN) ou Liga das Nacións, un organismo internacional creado polo Tratado de Versalles o 28 de xuño do 1919, coa fin de establecer as bases para a paz e a reorganización das relacións internacionais apóis a I Guerra Mundial. O 15 de novembro de 1920 celebrou en Xenebra a primeira sesión, coa participación de 42 países. Tra-la II Guerra Mundial foi abolida o 18 de abril de 1946, sendo sucedida pola ONU, creada na Conferencia de San Francisco en 1945. O texto desta Liga de Nacións oprimidas consideraba a SDN como unha organización integrada por estados imperialistas, que obviaban a problemática das pequenas nacións sen Estado. No texto, emporiso, no se citaban loxicamente os Congresos de Minorías Nacionais, dependentes da SDN, que comezarían a celebrarse máis tarde, en outubro de

2. ANC. Fons Macià. Lligall 18, carpeta 7, núm. 39.

1925, precisamente para solucionar os contenciosos nacionais. A eles acudirían os cataláns desde o II Congreso en 1926, os vascos desde o VI en 1930 e os galegos desde o IX en 1933.

4) Na faciana formal el anteproxecto constaba de tres apartados: un preámbulo razoado de argumentos que avalaban a necesidade de crear a entidade, as bases fundamentais e un desenrollo breve dos estatutos.

Este chamamento non tivo eco a xulgar polo silencio absoluto posterior. Ao ano seguinte aparecía unha nova proposta con elementos novos a respecto da Liga de Nacións Oprimidas. O 8 de xaneiro de 1925 creábase en París o «Comité de Acción de la Libre Alianza»³ que se constituía en pequena asamblea «sota la Presidència d'En Francesc Macià, Cap del separatisme de Catalunya, En Gaztañaga, en representació del separatisme d'Euzkadi, En Grau en la del Catalans d'Amèrica, En Lleonart i En Paris, en la de la Confederació Nacional del Treball d'Espanya i Regional de Catalunya, i En Gassol, com a Secretari», selando el «Pacte de la Libre Alianza».

Retornaba este convenio, redactado exclusivamente en catalán, a elementos anteriormente mencionados, pero engadía outros novos. Continuaban como integrantes as forzas nacionalistas catalanas e vascas, deixando a porta aberta á participación galeguista, pero procurábase o apoio doutras formacións non nacionalistas como a CNT, e das comunidades catalanas de América. Pola parte vasca asinou o acordo Francisco Gaztañaga, un curioso persoero. Párroco de Alonsotegui (Biscaia) colgou os hábitos e xirou na órbita radicalizada dos aberrianos. Vivía en Cataluña na época da Tripla Alianza, marchou a Francia durante a ditadura de Primo de Rivera, cobrando estipendio dos cataláns. Máis tarde residiu en Alemaña, onde case con unha teutona. A raíz de la Guerra Civil exiliouse a México.

O obxectivo final deste acordo era derribar o réxime monárquico español mediante métodos violentos e revolucionarios, declarar a independencia das dúas nacións periféricas e introducir na lexislación e na práctica sociais melloras substanciais para a clase obreira.

Despois da sinatura deste pacto Macià procuraría a incorporación do Partido Comunista soviético á Libre Alianza, porque ao contar co apoio da URSS,

3. ANC. Fons Macià, Lligall 18, carpeta 8.

podía subministrar axuda económica e experiencia estratéxica revolucionaria de cara o derribo do réxime hispano. Para iso trasladouse a Moscova a finais do ano 1925 e alí rubricou un convenio co PC, en nome tamén do separatismo vasco.⁴

4. O PACTO DE COMPOSTELA OU GALEUZCA (25 E 30-XULLO-1933)

Este pacto gozou dunha alongada xestación, que foi sumando fitos deica acadar o clímax o 25 de xullo en Santiago de Compostela. O comezo hai que situalo nun mitin organizado por Acción Nacionalista Vasca en Bilbao o 2 de abril de 1933, coa participación de dous persoeiros da citada forza, Luis Urregoetxea e Julen Arrien; de Esquerra Republicana de Catalunya, representada por Josep Riera i Puntí, asinante da Tripla Alianza en 1923, e do Partido Galeguista, presente a través de Castelao. O mesmo día asinarín o chamado Pacto de Gernika na Casa de Xuntas: «Identificados Vascos, Catalanes y Gallegos, ante el problema de liberación de nuestros respectivos pueblos, sellamos hoy bajo el árbol de Gernika el pacto de mutua solidaridad que ha de traernos la satisfacción de aquel anhelo. Gernika 2 de Abril de 1933. Gora Euskadi Askatuta (Seijo'tar Gabin), Visca Catalunya Lliure (Dr. J. Riera i Puntí), Viva Galiza Ceibe (Alfonso R. Castelao)».⁵

Aos poucos días, o 16 de abril, a celebración do II Aberri Eguna en Donostia a os intervinetes no mitin central, o catalán Francesc Maspons i Anglasell, o galego Otero Pedrayo e, sobre todo, os peneuvistas Telesforo de Monzón e Manuel de Irujo insistirían na necesidade de impulsar un acordo trinacional e presentar os tres contenciosos periféricos nos Congresos de Minorías Nacionais da Sociedade de Nacións (SDN), cuxo secretario, Ewald Ammende, tamén participou no acto.⁶

Tras estes dous aguilloadores actos iniciaríanse conversas a primeiros de maio en Barcelona entre o cumio do PNV guipuzcoano, o GBB, presidido por Monzón, e o secretario da asociación Palestra, Josep Maria Batista i Roca, quen asumiría a tarefa de tramitar e elaborar un anteproxecto de Pacto Galeuzca, cuxo nome inventouse neses contactos. Despois dunha viaxe de observadores cataláns a Euskadi, con representación da Lliga, Acció Catalana

4. Archive National France (ANF). F7, 13, 445. X. ESTÉVEZ, (1991), p. 665-669.

5. Álbum de la Casa de Juntas, 2 d'abril de 1933. TV, 4 d'abril de 1933.

6. ED, 18 d'abril de 1933.

Republicana, Unió Democràtica de Catalunya, Palestra e ERC, foron enviados bosquexos do anteproxecto de acordo aos diferentes partidos e asociacións e Palestra organizou unha viaxe triangular, relatado minuciosamente polo participante galego Álvaro das Casas (Das Casas, 1934). Durante o periplo foi asinado o pacto, redactado en galego, o 25 de xullo de 1933 en Santiago de Compostela, ratificado o día 30 en Bilbao, baixo a denominación de Galeuzca ou Pacto de Compostela. Asínárono Esquerda Republicana de Catalunya, Unió Democrática de Catalunya, La Lliga Regionalista, a entidade Palestra, o Partido Galeguista, Vangarda Nazonalista Galega, a asociación Ultreya, o Partido Nacionalista Vasco e Acción Nacionalista Vasca. Era un acordo doutrinal, organizativo, cultural e de acción internacional, tal como se pode apreciar no texto.

«Acta da creación de “Galeuzca”.

Os que enbaixo asinan, axuntados na cibdade de Compostela, no serán do Dia de Galiza do mil novecentos trinta e tres, en representazón de orgaizazons nazonalistas de Catalunya, Euzkadi e Galiza, acordan:

1º.- Crear GALEUZCA como orgaismo ancarregado das relazóns antre istas tres nazonalidades.

2º.- Istas relazóns concíbense coa amplitude de relazóns internazonales en toldo's seus aspectos. N'oustante, han de figurar como tarefas principales de GALEUZCA:

A). Precurar o conocimento mutuo de tolda's caraiteristicas nazonales de cada pobo e da sua historia;

B). A informazón sobre dos seus aituales movimentos nazonalistas; e a publicidade de todol'os feitos importantes que en cada nazón adveñan;

C). O estudo das custições que afecten ás relazóns antre tres nazonalidades.

D). A propaganda internazonal nos asuntos que atingan ás tres nazonalidades.

3º.- En cada nazón formaráse un Consello integrado por un representante de cada unha das organizazóns de caraiter nazonalista adhidas (sic) a GALEUZCA e das que se adhiran no porvir.

Iste Consello nomeará, de comúnn acuerdo cos das outras nazonalidades os membros que comporán o Segredariado que GALEUZCA terá en cada un dos tres países, nos que eisistirán datos e informazóns sobre de toldo's aspectos da vida de cada unha das tres nazonalidades.

Pra desenrolar as bases contidas n'ista aita, celebraráse en Euzkadi no mes de Outubre vindeiro, unha conferencia dos tres Consellos que terá carakter constituinte, sin perxuízo de que os Consellos e Segredariados nazonales escomenzañen axiña a sua laboura.

O Segredariado de GALEUZCA en Euzkadi, que aituará provisioalmente coma Segredaria Xeral, queda facultado pra determinar a data d'ista Conferencia.

4º.- O Segredariado residente en cada nazonalidade estará formado por elementos das tres nazonalidades, correndo os gastos que se orixinen a cárrego dos respeitivos Consellos. Poráse un especial coidado en que istos elementos inda que patriotas recoñecidos e merecentes da confianza dos orgaismos de cada nazonalidade, non teñan unha atiuazón de política partidista.

5º.- Os segredariados terán un local propio, ou ao menos estarán domiciliados en locales d'entidades de carakter patriótico e cultural.

6º.- Cada Segredariado poderá nomear persoas especializadas pra formar Comités encarregados do estudo de aspectos particulares da vida de relazón antre as tres nazóns.

7º.- Ao menos unha vegada ao ano terá lugar unha Conferencia antre os Segredariados das tres nazóns ou os seus representantes, coa finalidade de facilitar a coordinación das suas tarefas.

8º.- A conformidade que prestan a istas bases os que en baixo asinan queda condizioada a ratificación que ás mesmas agardan que han de prestar as organizazóns que representan.

Firmas: Batista i Roca (Palestra), Josep Girona (Palestra), Pau Vila (Acció Catalana Republicana), Joseph Pich Salaric (Unió Democràtica de Catalunya),

Pau Muñoz Castanyer (Unió Democràtica de Catalunya), Donxandabaratztar Josu (Euzkadi-Buru-Batzar), Errezola'tar Joseba (EBB), Isusi'tar Estepan (EBB), Irujo'tar Imanol ((Napar Buru Batzar)), Alvaro das Casas (Ultreya), Alexandre Bóveda (Partido Galeguista)».⁷

A este texto, agregaríase o 30 de xullo en Bilbao unha apostila e dúas novas sinaturas de ERC e ANV, polo que praticamente selaríanó tódalas formacións nacionalistas das tres nacións, agás forzas moi minoritarias como a USC galega

7. Arxiu Ramón Goñi, a J. L. GRANJA (1987), p. 233-234.

ou as catalás Partit Nacionalista Català, Unió Catalanista e Nosaltres Sols! Esta era a postila ou acta adicional e os novos asinantes:

«Na vila de Bilbao, do pais Euzkadi a trinta de Xullo de mil novecentos trinta e tres, xuntanse os siñantes da aita de Compostela co-a finalidade de dar conta das suas xestions ás representazóns de Euzkadi e Catalunya que non poideron concurrir á devandita conversa e lerelles o orixinal da aita asiñada. Asisten todol'os seus asiñantes co-a esceización dos seores Don Alexandre Bóveda e Don Estaban de Isusi. Por unanimidade acordase modificar o apartado D) do artigo 2º neste senso:

D). A propaganda e aizon internacional nos asuntos que atingan as tres nazonalidades.

Tamen por unanimidade acórdase fixar nun mes, a decorrer dende esta data, o prazo no que os partidos e organizazons dos tres países teñan de ratificar a asiñatura dos seus representantes.

Os seores Joan Estelrich de Lliga Catalana, Dr. Joseph Riera i Punti de Esquerra Republicana de Catalunya, Don Andrés Perea de Acción Nacionalista Vasca e Don Manuel Carrasco Formiguera de Unió Democrática de Catalunya manifestan a sus adhesión ás bases do citado acordo e todol'os asiñantes a sua conformidade as modificacións consiñadas nesta aita.

Firmas: J. Estelrich (Lliga Catalana), Manuel Carrasco Formiguera (Unió Democrática de C.), Andrés Perea (Acción Nacionalista Vasca), Josep Riera Puntí (Esquerra R. de C.), Batista i Roca, Pau Vila, Doxandabaratztar Josu, Girona, Alvaro das Casas, Rossend Pich, Pau Muñoz Castanyer, Errezola'tar Joseba».

A viaxe tringular proseguiu en Cataluña, sobre todo en Barcelona, do 4 ao 12 de agosto, onde se adquiriron máis compromisos non firmados. Contando co texto asinado do pacto, coa acta adicional, rubricada en Bilbao, e cos compromisos adquiridos en Barcelona en cinco reunións celebradas os días 9, 10 e 11 de agosto, somos quen de establecer a estratexia e os obxectivos do Galeuzca de 1933 (Estévez, 2023, p. 137-138). Os obxetivos eran catro: organizativo, trinacional, estatal e europeo-internacional.

a) Nivel organizativo:

1. Galeuzca sería un organismo encargado das relacións entre as tres nacións, relacións consideradas como internacionais.

2. O sistema organizativo de Galeuzca basearíase en tres estratos: Tres Consellos, tres Secretariados, un Secretariado Xeral, radicado en Euskadi, e as Conferencias.

3. Creación en Santiago de Compostela dunha Casa de Galeuzca.

b) Nivel nacional:

1. O organismo de coordinación das tres nacións tería estas tarefas: procurar o coñecemento mutuo de tódalas características nacionais e a historia de cada Pobo; información encol dos movementos nacionalistas de cada país, a publicidade dos feitos importantes en cada nación, o estudo das cuestións que afectasen ás relacións entre as tres nacionalidades e a propaganda e acción internacionais nos asuntos que atinxisen ás tres.

2. Ratificación do pacto polos partidos e organizacións asinantes na primeira quincena de outubro.

3. Celebración dunha Conferencia Xeral no mes de outubro.

c) Nivel estatal:

1. Macià e ERC premerían ao Presidente e ao Goberno da República, principalmente a Casares Quiroga, para exixir que cesase a persecución contra o nacionalismo en Euskadi.

2. Macià pediría ao Goberno republicano a revisión do caso Idiakez.

3. Macià viaxaría a Euskadi como representante de Cataluña e significando o sentido de Galeuzca, recibiría unha potente e numerosa manifestación nacionalista, onde se elaborarían unhas declaracións que trasladaría ao Goberno da República, facendo saber a España a firme vontade das tres nacións de ser libres.

4. Macià e ERC apoiarían a tramitación rápida dos Estatutos vasco e galego, e de maneira máis inmediata do vasco.

5. Constatouse a necesidade de crear un bloque de deputados de Galeuzca nas Cortes, aínda sen chegar a un compromiso explícito de formalizalo, coa finalidade de respaldar a concesión dun decreto de bilingüismo para Galiza e Euskadi e de avanzar inmediatamente cara unha estrutura federal do Estado en consonancia co espírito orixinario da República.

d) Nivel europeo-internacional:

O ingreso de Galiza na Sociedade de Nacións (SDN) a través da participación na xuntanza en setembro do Congreso de Minorías Nacionais, en unión

das delegacións de Euskadi e Cataluña. Galiza ingresaría no IX Congreso de Minorías Nacionais o 16 de setembro de 1933 en Berna, estando presente a delegación Català, pero non a vasca do PNV (Estévez, 2024. p. 11-25).

Pero tras a euforia sobreviría a calma e o Galeuzca comezaría a adurmiñar nun maino nirvana de paulatino desleixo a causa de atrancos externos e internos: diferencias ideolóxicas e estratéxicas entre as formacións asinantes e participantes, incumprimento dos acordos en varias facianas, o pasamento de Macià no Nadal e o cambio de conxuntura política no outono de 1933, co trunfo das dereitas nas eleccións xerais do 19 de novembro de 1933, mudando, polo tanto, o panorama político e a posterior evolución da República, co conseguinte e ineludible xiro cara posiciones restritivas en varios planos, incluído o autonómico.

Após trunfo da Frente Popular parecía inaugurarse unha nova etapa, pero a alegría durou pouco na casa do pobre e en xullo as botas militares pisaban forte e encetaba a «Guerra Incivil», que non permitía aventuras galeuzcanas. Houbo que esperar a amargura do exilio para reiniciar o camiño.

5. PACTO GALEUZKA EN BOS AIRES (9-MAIO-1941)

Na capital da Arxentina existían nutridas colonias de emigrantes e exiliados das tres nacións galeuzcanas. A moi abondosa colonia galega contaba con numerosas microsiedades, que agrupaban aos procedentes das diferentes bisbarras e parroquias do seu país natal, aínda que predominaba un Centro Galego e unha Federación de Sociedades Galegas como principais marcos referenciais de aglutinación. No plano político as diferentes forzas españolas tiñan representantes cualificados. Porén salientaba a Irmandade Galega, nome substitutivo do PG, que aglomeraba a tódolos de sensibilidade ou pertenza a esa ideoloxía, con unha figura relevante ao fronte, Castelao, dende a súa chegada a Bos Aires o 18 de xullo de 1940.

Unha situación semellante acontecía entre os vascos asentados na cidade do tango, con un grande centro de reunión, o Laurak Bat, e o predominio do PNV dentro do espectro político exiliado, con personalidades significativas como José María Lasarte, Isaac López Mendizabal, Francisco Basterretxea, Pedro de Basaldúa, Andoni de Astigarraga ou o Pai Iñaki de Azpiazu e algúns de ANV, caso de Tellagorri, e tamén de Izquierda Republicana, Ramón Aldasoro, aínda que moi vinculado á órbita peneuvista.

Análoga tesitura poderíamos observar no eido catalán. Existían dúas importantes entidades, que aglutinaban a considerable colonia Català en Bos Aires, o Centre Català e o Casal Català. O Centre, institución máis tradicional, mantivo una postura un tanto ambigua no tocante a rebelión franquista. A grande maioría de cataláns de América, porén, apoiou ao goberno da Segunda República e optou pola fidelidade ás autoridades catalás.

O *Casal* dende o comezo amparou resoltamente a lexitimidade do goberno republicano e destacou pola organización de colectas de víveres, medicamentos e outros elementos de axuda humanitaria. En 1940 o Centre e o Casal disolvérónse e unificáronse nunha nova organización, o Casal de Cataluña, que mantivo una fluída relación co Consell Nacional de Catalunya (Londres, 1940-1945) dirixido por Carles Pi i Sunyer. O presidente da Generalitat era Josep Irla, exiliado na Francia ocupada. Nas súas instalacións reuníanse con asiduidade na década dos 40 os representantes de Galeuzca, que asinaron o pacto do 9 de maio de 1941, articularon distintos proxectos galeuzcanos entre os anos 1944-45 e decidiron crear a revista *Galeuzca* (1945-46) e elaborar en 1946 un proxecto de Centro de Estudios Políticos-Galeuzca.

Persoeiros egrexios da comunidade Català foron Manuel Serra i Moret, Pelai Sala, Pere Mas i Perera, Joan Rocamora, Josep Escolà, Joan Cuatrecasas e, sobre todo, o xornalista Hipòlit Nadal i Mallol. En 1916 fundou a revista *Resorgiment* (1916-1970), da que sería director, converténdoa no voceiro órgano máis influente do catalanismo radical en América. A revista *Resorgiment* é imprescindible para coñecer calquera actividade catalé en América. A portada era debuxada por renomeados artistas cataláns, moitos deles exiliados, como Pompeu Audívert, Lluís Macaya, Josep Planas, Feliu Elias, Joan Vila, Francesc Domingo, Martí Bas, Francisco Labarta, André Dameson e outros, que tamén participaron en actividades lúdico-culturais de Galeuzca. A orientación era nacionalista, independentista e aberta a colaboradores con diversidade ideolóxica, pero dentro do ámbito nacionalista Català como Serra i Moret, Ventura Gassol (participante no Galeuzca de 1933), Pere Pagès, Miquel Ferrer, Pere Foix, Victor Alba, Esteve Albert, Joan Sauret, Jordi Arquer (asinante do Pacto Galeuzca do 22-12-1944 en México), Batista i Roca (activo participante e asinante do Galeuzca de 1933), Víctor Castells, Antoni Rovira i Virgili (adherente á Tripla Alianza de 1923), etc.

Celebrábanse decote xuntanzas de Galeuzca no Casal, con elaboración de propostas e anteproxectos, que coroaron coa firma dun pacto Galeuzca o 9 de

maio de 1941 a cargo dos vascos Ramón María Aldasoro, Santiago Cunchillos e José Antonio de Llodio, dos cataláns José Escola Marsà, Manuel Serra Moret e Pedro Mas Perera e os galegos Alfonso R. Castelao, Rodolfo Prada e José Rivadulla.

O texto (Estévez, 1992: 112-114) constaba, previo un longo preámbulo de argumentacións, de catro apartados. Os representantes das tres nacións establecían un pacto Galeuzca, baseado nuns principios fundamentais:

[...] 2.º GALEUZCA proclama su adhesión a los principios básicos siguientes:

a) Soberanía de cada nación peninsular, compatible con una federación pactada en la que se deleguen algunas competencias como la coordinación de servicios y fuerzas, la legislación de tipo común especialmente la social, la seguridad colectiva, la representación e intervención en organismos supraestatales, la cooperación intelectual, la elaboración y aplicación del derecho internacional y la difusión y generalización de los principios democráticos de derecho y justicia.

b) Forma republicana de gobierno y régimen democrático representativos con sufragio universal y directo, libertad de conciencia y de cultos, libertad de pensamiento y de prensa, justicia de base popular, garantías a los derechos ciudadanos, al trabajo y a la propiedad legítimamente adquirida, libertad de profesión, de residencia, de contratación y disposición de bienes conforme a las leyes particulares de cada estado, las que, en ningún caso, podrán mermar, disminuir o adulterar el mínimo común establecido en los pactos federales o confederales.

c) Política exterior de colaboración y buena voluntad, fomentando las relaciones internacionales de todo orden y propugnando por la creación de organismos supraestatales que, considerando la paz indisoluble, dispongan de la autoridad y los elementos necesarios para preservarla, sancionar al infractor, y asegurar la vida libre de las instituciones y de los pueblos.

3.º GALEUZCA establece que ninguna de las tres naciones oprimidas debe aceptar, por separado, un régimen de autonomía concedido por el Estado español, pues solo en un cambio total y racional de la estructura política de España podrán encontrar nuestros pueblos la garantía de la propia libertad. Si las circunstancias aconsejasen aceptar una autonomía, esta debe ser igual y simultánea para las naciones integrantes del Estado español.

4.º GALEUZCA combatirá con todos los medios a su alcance al régimen despótico imperante hoy en España y cualquier otro que haya de sustituirlo y

no se base en el reconocimiento de la personalidad de las distintas naciones, fundamento esencial de todo poder legítimo [...]

6. FERVENZA GALEUZANA EN MÉXICO E BOS AIRES (1944-1945)

En pura teoría a convención non podía ser máis favorable para os intereses republicanos e, particularmente, os galeuzcanos. Dende finais de 1944, e, singularmente dende a primavera de 1945 albiscábase o trunfo dos aliados na contenda mundial, que finalmente consumaríase a primeiros de maio en Europa e a mediados de setembro en Asia, o que daba alas ás esperanzas da oposición ao franquismo. Os aliados a quen apoian os galeuzcanos, trunfaran na guerra. Era previsible, polo tanto, o derrubo do réxime franquista polos seus estreitos vínculos cos derrotados fascismo e nazismo. Por conseguinte esperábase cobizosamente a restauración da legalidade republicana e moitos exiliados durmían coa mala feita a súa beira. Un bloque galeuzcano forte e unido aseguraría a implantación inmediata dos tres Estatutos de Autonomía e a medio prazo a reconversión e desprazamento da III República cara a una estrutura confederal. Pero os aliados, sobre todo Inglaterra e Estados Unidos, non estaban dispostos a arar con semellantes bois. Determinaron manter e apoiar o réxime franquista como un baluarte estratégico na esquina occidental de Europa fronte o crecente poder do oso comunista ao implantarse a Guerra Fría. El patrocinio culminaría en 1953 coa sinatura por parte del franquismo dun tratado cos EE.UU. e dun concordato co Vaticano, co que se iniciaba a lexitimación e consolidación internacionais do réxime tanto no eido político como relixioso.

Mouros nubarróns comenzaron a tinxir o horizonte do Galeuzca. O 17 de marzo de 1945 reconstituíase en Baiona o Goberno vasco no exilio, con participación de tódalas formacións vascas a semellanza de outubro do 36, incluído o PSOE. Este, baixo a imposición de Indalecio Prieto exixría o abandono da política galeuzcana. A bruma do pragmatismo entebrecía o farol da ilusión e da esperanza galeuzcanas. Mais, aínda na tesitura previa, houbo un evento alentador: o 22 de decembro de 1944 a capital de México sería o escenario dun pacto Galeuzca. Foi asinado pola maioría dos partidos nacionalistas das tres nacións en catro idiomas (galego, éuscaro, catalán e castelán), con unha versión ao inglés. O seu texto era o seguinte:

«Las organizaciones Comunitat Catalana de México, Partido Nacionalista Vasco, Solidaridad de Trabajadores Vascos, Partido Galleguista, Esquerra Republicana de Catalunya (Secretariado de México), Estat Català, Acció Catalana, Partit Socialista Català y Unió de Catalans Independendistes, declaran por medio de sus representantes autorizados que han llegado al establecimiento de un Pacto, que tiene sus precedentes en otros de alianza y en la solidaridad sellada con la sangre de sus mártires sobre las siguientes BASES:

Primera. —Que se hallan firmemente decididas a intensificar, mediante una acción conjunta de Cataluña, Galicia y Euzkadi, los esfuerzos que vienen realizando en contra del régimen tiránico y totalitario del general Franco hasta lograr el completo derrocamiento de dicho régimen.

Segunda. —Que se opondrán a todo intento de restauración monárquica, antipopular y antidemocrática, así como a todo régimen que no sea aceptado por las voluntades libres y soberanas de sus respectivos pueblos.

Tercera. —Que proclaman una vez más que Cataluña, Euzkadi y Galicia constituyen, por sus títulos históricos y lingüísticos, por sus características culturales y por sus tradiciones políticas, tres naciones claramente definidas, con su voluntad nacional reiteradamente expresada, y demandan para ellas los derechos fundamentales que corresponden a toda nación en el concierto de los pueblos civilizados, cuales son: su libertad, su soberanía y su derecho de autodeterminación, postulados por los que luchan las Naciones Unidas contra el fascismo internacional.

Cuarta. —Que se comprometen a defender para sus respectivos pueblos un régimen republicano democrático, basado en el respeto a la libertad y dignidad de la persona humana e inspirado en postulados de justicia social.

Quinta. —Que la unión de los pueblos solo puede ser eficiente, fecunda y duradera, mediante el respeto a las personalidades de cada uno y sobre la base del pacto libre y voluntario.

Sexta. —Que para mantener los presentes acuerdos, coordinar y dirigir la acción conjunta que las circunstancias exigen y realizar una acción defensora de los derechos de Galicia, Cataluña y Euzkadi en todas las esferas y órdenes, se constituye un organismo que se denominará GALEUZCA, integrado por las representaciones de las organizaciones vascas, gallegas y catalanas.

El presente pacto se redacta por triplicado en las tres lenguas: gallega, catalana y vasca, y se firma en la ciudad de México el 22 de diciembre de 1944.

Por Comunitat Catalana de México, Baltasar Samper, presidente, y Llorenç Perramon Playà, secretario. Por el Partido Nacionalista Vasco, José Luis de

Irisarri, presidente, y José Luis de Lartitegui, secretario. Por Solidaridad de Trabajadores Vascos, José María de Goikoetxea, presidente, y Jacinto Suñarez, secretario. Por el Partido Galeguista, J. López Dura y Florencio Delgado Gurriaran, delegados en México. Por Esquerra Republicana de Catalunya (Secretariado de militantes de México), Joan Loperena Romà, presidente, y Jaume Senyal Ferrer, delegado. Por Estat Català, Josep Soler, presidente, y Artur F. Costa, secretario. Por Acció Catalana, Ramon Peyroc Pic y Joan Cid Mulet, delegados. Por el Partit Socialista Català, Víctor Colomé y Josep Soler Vidal, del Consejo Ejecutivo. Por la Unió de Catalans Independentistes, Marcel·lí Perelló, del Consejo Ejecutivo, y Jordi Arquer, secretario».⁸

A lectura do texto era moi explícita respecto ás características esenciais do pacto, polo que me exime de realizar calquera comentario, que só contribuiría a ensombrecelo. O ano 1944 e o primeiro semestre de 1945 asistirían a unha frenética treboada de anteproxectos, principalmente a cargo de Ramón Aldasoro, de Iñaki Lizaso e do trío Castelao-Agüirre-Pi Sunyer, e de iniciativas como a edición da revista *Galeuzca*, da que saíron 12 números entre agosto de 1945 e xullo de 1946 (Zugaza:197; Estévez, 2023: 131-138), además del proyecto de constitución de un Centro de Estudios Políticos Galeuzca en 1946.⁹ Creouse o Consello de Galiza, para que esta nación estivera á mesma altura de lexitimidade e representación ca Generalitat e o Goberno Vasco. Castelao rebordaba en optimismo e ilusión de cara ao porvir de Galeuzca e da súa capacidade para resolver definitivamente o problema das nacións irredentas do Estado Español, sobre todo tras a presentación do Estatuto Galego e a constitución e acción conxunta dun bloque galeuzcano, que sumaba máis de 30 deputados, nas Cortes republicanas, que pretendían celebrarse en México en xaneiro de 1945 e finalmente se reuniron en novembro dese mesmo ano.

Porén, o cambio de concxuntura plenamente consolidado en 1946 frustrou tódalas expectativas e non se chegou a asinar un pacto trinacional a cargo dos tres gobernos galeuzcanos. Entre a eclosión de anteproxectos, que non callaron nun pacto firmado, mencionamos algúns (Estévez, 2009: p. 117-154):

1. «Manifiesto de Galeuzca», elaborado por Ignacio Lizaso en Londres con data do 19 de abril de 1944.

8. *Euzko Deya*, 1 de gener de 1945, p. 2.

9. ANV, EBB-166-9. ESTÉVEZ (2023), p. 141-149.

2. «Projecte de pacte de Galeuzca», redactado en catalán por Batista i Roca en Londres o 5 de xuño de 1944.

3. Tres «propuestas de pacto Galeuzca», con pequenas diferencias entre cada unha, cuxo autor, Carles Pi i Sunyer, confeccionou en Londres cara o 17 de outubro de 1944.

4. «Plan Galeuzca», dea delegación vasca de Bos Aires, presidida por Ramón Aldasoro, datada o 23 de outubro de 1944.

5. Dúas «Declaraciones de Galeuzca», unha obra de Aguirre e outra de Pi i Sunyer, do 21 de decembro de 1944.

6. Incluso a oposición galeuzcana do interior, abandeirada por Ramón Piñeiro, Koldo Mitxelena e Joan Samsa, chegou a elaborar entre marzo e abril de 1945 un «proyecto de plan de acción Galeuzca». (Estévez, 1992, p. 231-235).

De todos eles considero de interese, singularmente para os lectores cataláns, o proxecto elaborado por Batista i Roca:

«El President del Consell Nacional de Catalunya, el President del Govern d'Euzkadi, el President del Consell de Galicia (Londres, 4-VI-1944), considerant que és el seu deure atendre la voluntat dels seus respectius pobles d'assolir la llibertat nacional, repetidament manifestada per procediments democràtics, que és la seva voluntat contribuir a l'alliberament, reconstrucció i estabilització del conjunt hispànic de nacions, que les tres nacions que ells representen poden exercir, per llur posició geogràfica i per llur valor en el conjunt hispànic, una influència que contribueixi a l'organització i consolidació de la pau a Europa, particularment en la regió a què pertanyen, que aquestes finalitats podran ésser més fàcilment assolides amb una estreta entesa i col·laboració entre Catalunya, Euskadi i Galicia, inspirada en el desig d'estrènyer les relacions amistoses entre tots els pobles hispànics,

Constaten,

que existeix una llarga tradició d'amistat entre els seus tres respectius pobles, que troba ja expressió en el Pacte de la Triple Aliança, signat a Barcelona l'11 de Setembre de 1923, el Pacte de Galeuzca signat a Compostel·la el 25 de Juliol del 1933 i el Pacte Basco-Català signat a Londres el [...] de [...] del 194[...], [en blanc en l'original]. Per consegüent, convenen en renovar l'expressió d'aquesta tradicional política d'amistat entre Catalunya, Euskadi i Galicia, en aquest nou Pacte de Galeuzca i acorden els següents articles:

ARTICLE I. Les Tres Parts Contractants donen un objectiu comú a llur política nacional.

ARTICLE II. Les Tres Parts Contractants s'assistiran mútuament per a la defensa de cadascuna d'elles i per a la consecució de l'objectiu comú. Amb aquesta finalitat és establerta una acció conjunta dels tres pobles i una coordinació de tots els mitjans d'actuació de què disposin.

ARTICLE III. L'objectiu comú esmentat en aquest Pacte és triple:

1) Obtenció de la llibertat nacional de cadascuna de les nacionalitats cosinatàries d'acord amb el dret d'autodeterminació.

2) Transformació de l'actual Estat Unitari Espanyol en una Confederació de pobles lliures, amb igualtat de drets, que resolguin conjuntament els afers d'interès comú.

3) Establiment d'un règim democràtic republicà en cadascun dels tres països contractants i en la Confederació.

ARTICLE IV. Les Tres Parts Contractants s'esforçaran en actuar com a element de moderació i d'equilibri en el conjunt hispànic, i contribuir a l'estabilització d'un règim democràtic en ell. Amb aquesta finalitat cercaran l'amistosa col·laboració de les forces democràtiques de les altres terres hispàniques a les finalitats fonamentals d'aquest instrument amb vista a concertar un més ample Pacte fonamentat de la Confederació Hispànica.

ARTICLE V. Tant a l'interior dels seus territoris, com a la Confederació i a l'exterior, les Tres Parts Contractants desenvoluparan una acció de suport als principis democràtics de la política de les Nacions Unides i de pràctica amistat amb elles.

ARTICLE VI. En aquest sentit, la seva política s'orientarà vers l'eventual integració de la Confederació Hispànica en les organitzacions internacionals més extenses o superiors creades per les Nacions Unides en organitzar l'Occident o la Nova Europa, inspirant-se sempre en un esperit d'àmplia col·laboració internacional.

ARTICLE VII. Els Tres Presidents, mitjançant una consulta constant, dirigiran conjuntament, d'acord amb els seus respectius Consells, la política de Galeuzca, segons és exposada en aquest Pacte.

ARTICLE VIII. L'execució d'aquest Pacte i dels acords dels Tres Presidents serà confiada a un Secretariat de Galeuzca integrat per elements dels tres pobles. L'organització del Secretariat i lloc de residència serà determinat en moment oportú per acord dels Tres Presidents.

ARTICLE IX. Aquest Pacte entrarà en vigor en quant els Tres Presidents cosignataris s'hagin comunicat mútuament la seva decisió de signar-lo.

ARTICLE X. La duració d'aquest Pacte és fixada en Tres anys a comptar des de la data d'entrada en vigor. Cadascuna de les Parts Contractants comunicarà el Pacte al Govern que definitivament resti constituït com a successor seu en el propi territori nacional.

Sis mesos abans de l'expiració del Pacte els Presidents de Catalunya, Euskadi i Galícia, d'acord amb els seus respectius Govern, es consultaran sobre la conveniència de la pròrroga o modificació del Pacte. Si un mes abans de la seva expiració cap desig de modificació no ha estat formulat el Pacte serà considerat prorrogat per un nou període de tres anys. Aquest Pacte serà signat per triplicat a Londres, New York i Buenos Aires en tres textos originals en Català, Basc i Gallec. J. M. B. i R. [Josep Maria Batista i Roca]».¹⁰

Ademais de todos estes proxectos houbo un entrecruzamento de cartas, cuxos protagonistas foron principalmente el catiduo: Castelao-Aguirre-Irujo-Pi Sunyer. Destacaría a proposta de Castelao para configurar una nova articulación política ibérica, incluída dentro de seu pensamento encol do Galeuzca. A iniciativa formaba parte esencial da súa estratexia política, consistente en implantar unha nova cultura política, centrada na consideración do Estado español como un rico mosaico plurinacional. A única plasmación e solución real viría a través dunha articulación confederal peninsular, posto que tamén Portugal entraría a formar parte integrante de esta estruturación. O seu pensamento podería sintetizarse nas seguintes ideas (Estévez, 2001: p. 129-160):

1. O carácter plurinacional del Estado español, que implicaba necesariamente a soberanía nacional de cada nación.
2. O recoñecemento e aplicación do dereito de autodeterminación para conseguir a soberanía de cada nación, dereito que comportaba o afán de expresar libremente a solidariedade cos demais pobos ibéricos.
3. Forma republicana de governo en cada nación, con un réxime democrático de liberdades e progresismo social, rexido polo pacifismo e a cooperación no ámbito internacional.

10. ESTÉVEZ (1992), p. 149-152.

4. A independencia de cada nación formaba parte dun *desiderátum* final, pero para as nacións pequenas a Federación ou Confederación era máis axeitada. Polo tanto, o sistema de Estatutos de Autonomía era un procedemento puramente circunstancial, continxente e temporal.

5. A articulación confederal sería ibérica. Abranguería, por conseguinte, a Portugal co fin de constituír unha Comunidade Ibérica de Nacións mediante unha alianza entre elas ou unha Unión, libremente elixida por elas mesmas.

6. Para chegar a esta articulación confederal ibérica o movemento Galeuzca cumpría múltiples e esenciais funcións, intimamente vinculadas entre si. Castelao enumeraba as seguintes: control e dominio da política española, afondamento no ideal confederativo, enerxía renovadora revolucionaria para solucionar os contenciosos periféricos, medio eficaz para acadar a liberdade nacional, logro dun harmónico equilibrio peninsular dentro da lóxica diversidade, defensa do dereito de autodeterminación, salvagarda da soberanía nacional, eliminación dunha visión localista e egoísta dos nacionalismos periféricos, difusión internacional da problemática nacional peninsular, reforzamento político do réxime republicano, ponte imprescindible para incorporar Portugal á confederación ibérica a través dos lazos históricos galegos e, finalmente, o galeuzca converteirse no vehículo más fácil para a entrada no previsible federalismo europeo.

Todos estes proxectos e/ou acordos e propostas elaboradas nos anos 1944-46 en Bos Aires, Londres, o interior e México posuían un denominador común: a aposta por un réxime republicano, democrático e confederal ibérico logrado a través do exercicio do dereito de autodeterminación. Habería que esperar á conxuntura de finais dos 50 para ollar o rexurdimento de novos proxectos galeuzcanos.

7. REXURDIMENTO DO GALEUZCA EN BOS AIRES E CARACAS (1958-59)

Un contexto internacional enfeitizado de elementos frescos e innovadores alumea este fito. Son dignos de mención: a existencia da ONU desde 1945, que nas súas declaracions e normas estimulaba nas colonias o dereito de autodeterminación dos pobos, el sopro de aires anticolonianistas e antimperialistas nas Conferencias do Terceiro Mundo como a de Bandung (1955), as loitas anticoloniais e a aparición de ideoloxías de esquerdas e obreiristas, así como a difusión do pensamento anticolonial nas obras de Albert Menni ou Frank Fannon, o trunfo da revolución castrista (xaneiro de 1959), a restauración da democracia

en Venezuela, a aparición de renovadas formacións entre os nacionalistas exiliados neste último país, o Movemento Galeguista, o Moviment d'Alliberament Nacional de Catalunya, e o grupo vasco, Euzko Mendigoizale Batza Jagi-Jagi, defensor de un Frente Nacional Vasco, e a constatación da consolidación e lexitimación internacional do franquismo tras o concordato con el Vaticano (1953), o Tratado con EEUU (1953) e a entrada na ONU (1955). (Estévez, 2019, p. 117-146).

A nova tesitura comezaba en Bos Aires, coa celebración o 14 de xullo de 1958 no Teatro Alvear dun magno festival Galeuzca baixo o lema: «*Tres Pueblos en pie*», que ocasionaría a publicación dun manifesto-pasquín de Galeuzca, datado o 18 de xullo (Estévez, 1992: p. 290-291). Por Galiza asinába o a Irmandade Galega, representada por Bieito Cupeiro Vázquez, Manuel Ucha e Denis Conles Tizado, por Euzkadi, Pablo Archanco Zubiri, José María Azarola e Jesús de Zabala, de Euzko Abertzale Alkartasuna (Frente Patriota Vasco) e por Cataluña Santiago Rubió i Tuduri, Pere Cerezo i Hernáez y Jaume Vachier i Pallé, do Consell de la Col·lectivitat Catalana. O manifesto constaba de cinco puntos: declaración da quebra do Estado español e repudio de calquera réxime ao marxe da vontade popular, instauración da democracia nas tres nacionalidades, recoñecemento do dereito de autodeterminación como paso previo á creación dun organismo plurinacional voluntariamente vinculante, incorporación das tres nacións como pobos libres a Europa occidental e traballo conxunto cos demais pobos libres peninsulares para lograr a xustiza social, a paz, a prosperidade, a liberdade e a democracia. O 10 de marzo de 1959 volvían a emitir un comunicado de Galeuzca, calcado ó do 18 de xullo de 1958, por mor do agravio inferido a causa do silencio das autonomías rexionais nun memorando emitido en xaneiro de 1959 polo Presidente da República no exilio, Félix Gordon Ordax.¹¹

En Caracas, decepcionados dos partidos tradicionais nacionalistas, decantáranse pola creación de novas formacións políticas: Movemento Galeguista, Moviment d'Alliberament Nacional de Catalunya, e o grupo vasco, Euzko Mendigoizale Batza Jagi-Jagi, defensor dun Frente Nacional Vasco. Estas tres forzas políticas, representadas por líderes recoñecidos, Xosé Velo, Andima Ibinnagabeitia e Joaquim Juanola Massó, firmaron un pacto Galeuzca o 31 de maio de 1959 en Caracas.¹²

11. *Euzko Deya*, de Mèxic, abril de 1959. ESTÉVEZ (1992), p. 290-291.

12. *Irrintzi*, núm. 7, de Caraques, 1959, p. 26. ESTÉVEZ (1992), p. 295-297.

«Galeuzca en Venezuela. En Venezuela se ha constituido Galeuzca siguiendo las directrices señaladas en la constitución de este organismo en Barcelona, el año 1923, bajo la primera denominación de la Triple Alianza y atendiendo la misma inquietud de Galeuzca de Buenos Aires. (Desde estas páginas invitamos a todos los patriotas vascos, gallegos y catalanes residentes en otros países se apresuren a constituir Galeuzca para satisfacer las necesidades políticas de nuestras respectivas nacionalidades de manera activa).

En Caracas se constituyó un Comité de Fundación de este organismo que por medio de la prensa convocó a los patriotas y entidades interesados, el día 19 de abril de 1959. En la Asamblea celebrada al efecto, el Dr. Joaquín Juanola Massó explicó el objeto de Galeuzca, que es la reafirmación de la Triple Alianza suscrita en Barcelona, Cataluña, el año 1923, entre Galicia, Euzkadi y Cataluña, para la lucha conjunta por la independencia de estas tres naciones.

Se aprobó por unanimidad la fundación de Galeuzca y se nombró el Comité de Constitución. A este acto concurrieron representaciones del Movimiento Galleguista, Frente Nacional Vasco, Resistencia Catalana, Movimiento Independentista Vasco Jagi-Jagi, Movimiento d'Alliberament Nacional de Catalunya, miembros afiliados al Partido Nacionalista Vasco, Consell Nacional Català y grupo independentista vasco Irrintzi.

Entre las personas asistentes, firmantes del acta fundacional, señalamos a los siguientes patriotas: Jaume Tarradas, Andima Ibinagabeitia, Dionisio Paesa, Jabier Elgezabal, Juan P. de Fuldain, Mariano Otero Castelao, José Ignacio Sesto, Albert Piera, M. Fernández Etxeberria, José Fargas Nadal, Dr. Sandalio de Tejada, Jaime Villena, Baldomero Gallego, Amadeu Oller, Bartolomé Cartel Rovira, Pedro de Zabala, Prudencio Foruria, Xosé Velo Mosquera, Julio López González, Albert Compte, Julio García Santiago, Xoan Lois Sesto Novás, José Galparsoro Ijurco, Andrés Basagoiti y Segismundo de la Torre y Larrinaga.

El Comité de Constitución hizo la convocatoria por medio de la prensa y por medio de cartas dirigidas a todas y cada una de las entidades patriotas vascas, catalanas y gallegas existentes en Caracas para el acto de constitución definitiva de Galeuzca para el día 31 de mayo de 1959.

La Asamblea, una vez abierta, declaró constituida Galeuzca de Venezuela; nombró la Junta Directiva para el primer año de su vida, recayendo los nombramientos por Cataluña en las personas de los señores Joaquín Juanola Massó y Amadeo Oller Navarro, por Galicia, señores Xosé Velo Mosqueira y Xulio García Santiago, y por Euzkadi, señores Andima Ibanagabeitia Ydoiaga

y Sandalio de Tejada y Sarabia; e hizo la Asamblea la siguiente Proclamación de Principios.

DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Primera.- Galeuzca declara la Independencia de las Naciones gallega, vasca y catalana bajo las denominaciones de Galicia, Euzkadi y Cataluña.

Segunda.- Galeuzca se compone de todas las personas naturales y jurídicas que siendo gallegas, vascas y catalanas acepten y declaren la situación de Independencia de sus respectivas naciones, las cuales en el presente están sujetas al yugo opresor.

Tercera.- Galeuzca declara que no es un partido político, sino una Organización de lucha contra la tiranía franco-falangista-salazar que padecen las Naciones Ibéricas, y con este denominador común están dispuestas a unir su lucha con la de los Partidos Políticos y Organizaciones obreras peninsulares que por escrito se comprometan a respetar la Independencia de las tres Naciones que la componen.

Cuarto.- Galeuzca declara que propugna para cada una de las naciones que la componen un régimen de libertad, de democracia efectiva y de verdadera justicia social. A este efecto, proclama la libertad de pensamiento, de religión y de cultura, mediante la enseñanza gratuita en todos los grados de primaria, secundaria y superior, a fin de que las vocaciones y las inteligencias tengan libre acceso a la técnica, a la ciencia y al saber.

Quinta.- Galeuzca declara que propugna por la paz y por la constitución de los Estados Unidos de Europa, y mejor del Mundo, de donde formen parte todas las Naciones mediante la incorporación —con su Independencia— de las que están aún oprimidas.

Sexta.- Galeuzca llama a la lucha a todos los partidos políticos y organizaciones catalanas, gallegas y vascas, así como a la pequeña burguesía, a los artesanos y a la masa obrera y campesina para que se incorporen a la lucha para los expresados fines.

Séptima.- Galeuzca utilizará todos los medios posibles y necesarios para la consecución de sus postulados, obtenidos los cuales dejará de existir en cualquier parte del mundo donde esté constituida. Caracas, 31 de mayo de 1959».

Como pode observarse as características más relevantes e orixinais deste pacto Galeuzca foron:

1. A asunción e incorporación aos principios do Galeuzca de elementos anticolonialistas, antiimperialistas, obreiristas e directamente independentistas, independentismo baseado explicitamente na Tripla Alianza de 1923, sen obviar a utilización de tódolos instrumentos posibles, incluídos os violentos, para lograr a soberanía.

2. O chamamento a pequena burguesía e a masa obreira para integrarse na loita pola independencia das tres nacións e a demolición das dúas autocracias ibéricas.

3. O combate inmediato debería ser o derribo das dúas ditaduras que opri-mían a península ibérica: a salazarista en Portugal e a franquista en España.

4. A elaboración duns prolixos Estatutos de Galeuzca, xurídica e organizativamente irreprochables. Probablemente foron confeccionados por un perito na materia, o avogado catalán Joaquim Juanola Massó.

5. A creación de comandos de acción, cuxo director foi nomeado o galego Xosé Velo Mosquera, e que derivarían no outono de 1959 na fundación do DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación). A acción más rechamante desta organización, con financiamento vascos caraqueños e de cataláns, mediante un acordo destes últimos co DRIL, e cuxo ideólogo foi o citado Xosé Velo, consistiu no secuestro do trasatlántico Santa María o 22 de xaneiro de 1961.

Existiron entre 1969 e 1974 algúns intentos galeuzcanos en París efectuados polo catalanista Josep M. Batista i Roca, do Consell Nacional Català en Londres, para os que me remito ó meu libro, *Galeusca: la rebelión de la periferia* (p. 92-94), que non prosperaron debido á negativa da representación vasca, encabezada por Manuel de Irujo, e da galega, liderada polo delegado en París, Javier Alvajar, do Consello de Galiza con en Bos Aires. Ambos representantes negábanse a concretar acordos galeuzcanos ó marxe da máxima institución de Cataluña no exilio, a Generalitat, presidida por Josep Tarradellas.

Algunhas incursións galeuzcanas moi humildes producíronse durante la Transición, pero sen a un mínimo aproveitable, perdendo unha conjuntura, en principio idónea. (Estévez, 2009: p. 94-97). As causas desta inacción foron múltiples e variadas, pero a análise delas salta o valado hermenéutico deste artigo.

8. A DECLARACIÓN DE BARCELONA (1998)

O contexto desta Declaración encadrábase a nivel estatal no marco dos gobernos Aznar (1996-2004), concretamente no seu primeiro mandato (1996-2000). Ao non obter nas eleccións a maioría absoluta, o PP tivo que recorrer ao apoio dos nacionalistas cataláns de CIU para gobernar. Os prolegómenos da Declaración orixináronse nunhas xornadas encol do Galeuzca histórico, celebradas en Bilbao na primavera de 1996, con conferencias a cargo de Víctor Castells, Pilar García Negro, Iñaki Anasagasti e Xosé Estévez, que culminaron coa erección o 19 de maio dun monumento a Castelao en Txurdinaga, sufragado pola Deputación Foral de Bizkaia, presidida por Josu Bergara, en coincidencia co 110 aniversario do nacemento de Castelao. Na inauguración do monumento estiveron presentes relevantes dirixentes do PNV, do BNG e de CiU. A partir desa data leváronse a cabo conversas discretas a cargo das respectivas secretarías das forzas integrantes, BNG, PNV e CiU, ostentadas respectivamente por Francisco García Suárez, Ricardo Anso-tegi e Josep Camps. As dilixencias frutificaron na Declaración de Barcelona en xullo de 1998.

O texto dado a prensa da Declaración era breve, pero detrás existía un amplio e detallado documento de traballo elaborado e presentado en posteriores reunións celebradas en Vitoria-Gasteiz, en setembro, e en Santiago de Compostela, en outubro.

«Con la mirada puesta en el futuro y, al mismo tiempo inspirándonos en otras iniciativas de este siglo (la Triple Alianza de 1923 o la Galeuzca de 1933), el Bloque Nacionalista Galego, Partido Nacionalista Vasco y Convergencia i Unió, reunidos en Barcelona, declaramos que:

Al cabo de veinte años de democracia continúa sin resolverse la articulación del Estado español como plurinacional. Durante este periodo hemos padecido una falta de reconocimiento jurídico-político e incluso de asunción social y cultural de nuestras respectivas realidades nacionales en el ámbito del Estado.

Este reconocimiento, además de justo y democrático, resulta absolutamente necesario en una Europa en proceso de articulación económica y política y que, además, apunta a medio plazo hacia una redistribución del poder político entre sus diversas instancias y niveles. Una Europa cuya unión debe basarse en el respeto y la vertebración de los diversos pueblos y culturas que abarca.

Y lo es, también, en un mundo cada vez más independiente, sobre el cual pesa la amenaza de la uniformización.

Y ACORDAMOS:

Hacer un llamamiento a la sociedad española para compartir y dialogar acerca de una nueva cultura política acorde con esa comprensión del Estado y promover una concienciación colectiva que refuerce la idea de su plurinacionalidad.

Ofrecer a Europa y al mundo nuestras propuestas en defensa de la diversidad.

Encabezar la política de las identidades, y de su convivencia positiva y creativa.

Organizar de manera sistemática el intercambio de información, opinión y colaboración entre las gentes y sectores de la ciudadanía activos en los ámbitos intelectual, cultural, educativo, profesional y empresarial, con el objetivo de dialogar acerca de nuestras propuestas y difundirlas.

Establecer un plan de trabajo conjunto entre nuestras respectivas organizaciones sobre: lengua y cultura; fiscalidad y financiación pública; símbolos e instituciones, presencia en la Unión Europea, y sobre otras cuestiones que acordemos.

Por ello, y para todo ello, estableceremos una relación estable y permanente entre nuestras tres fuerzas políticas; una estructura abierta que permita llevar a cabo las actuaciones conjuntas que requieran los objetivos declarados y acordados.

Finalmente, nos comprometemos a continuar trabajando y desarrollando los temas que hemos comenzado a abordar en este primer encuentro tripartito, en las reuniones que este mismo año celebraremos en Bilbao, en septiembre, y en Santiago, en octubre. Barcelona, 16 de julio de 1998».

Esta Declaración, malia apelar expresamente á Tripla Alianza de 1923 e ao Galeuzca de 1933 como antecedentes históricos, carecía das características da primeira en canto a apelación directa á independencia (1923 e tamén en 1959) e asemellábase más ben á segunda (a de 1933), que establecía unha coordinación cultural, organizativa e propagandística. Tampouco se aludía ao dereito de autodeterminación como nos proxectos e acordos do exilio en 1941, 1944-1946 e 1970. A Declaración apostaba pola diversidade, contemplada dentro das estruturas europeas, polo recoñecemento da plurinacionalidade do Estado español e polo impulso e a difusión dunha nova cultura política no Estado a prol da diversidade nacional, lingüística e cultural. En resumo, a Declaración de Barcelona demandaba

o recoñecemento, explícito e efectivo, desa plurinacionalidade e ofrecía o seu apoio real e a súa coordinación ás outras fozas políticas, para levar a termo unha reestruturación do Estado que se adaptase, formal e materialmente, á devandita plurinacionalidade. Contraíase o compromiso «de avanzar en un proyecto de remodelación del Estado español», para conseguir «mediante una acción conjunta», «configurar un Estado plurinacional de tipo confederal». O tratamento «en pie de igualdad», «fomento de la colaboración», «coordinación basada en la equidad», «solidaridad» y «libertad» eran palabras claves que aparecían no texto.

A lectura do suxinto texto da Declaración de Barcelona, sen internarnos na minuciosidade más pragmática dos acordos, documentos posteriores e os compromisos de traballo, proporciona os eixos axiomáticas nas que se fundamentaba. A meu modesto entender serían os seguintes:

1. Denuncia da insistencia uniformizadora do Estado español e a persistencia irresoluta dunha articulación política, que colmase as demandas periféricas.
2. Aposte xobre pola integración en Europa, baseada na diversidade de identidades.
3. Impulso dunha nova cultura política, cimentada no recoñecemento do carácter plurinacional, pluricultural e plurilingüístico do Estado español.
4. Ese recoñecemento comportaría unha reestruturación política tendente ao confederalismo.
5. Establecemento entre os asinantes dun sistema de relacións permanentes e compromisos duradeiros de traballo para impulsar a nova cultura política e o ideario inserido na Declaración.

A convxuntura daquel verao de 1998 coincidiu con outros dous acontecementos altamente esperanzadores no ámbito vasco e con evidentes consecuencias no estatal.

1. O primeiro foi o pacto de Estella-Lizarra, formalizado o 12 de setembro de 1998 por todo o espectro político e sindical nacionalista vasco, concretamente 23 organizacións, coa fin de conseguir a paz e, nun proceso abierto, o compromiso de estudar os factores que propiciaron o Acordo de Paz en Irlanda do Norte, non exixir condicións previas aos negociadores e solicitar a ausencia de violencia.

2. ETA respondía a este reclamo cunha declaración de tregua indefinida e sen condicións o 16 de setembro de 1998, que entraría en vigor dous días despois.

A Declaración de Barcelona iniciaba unha nova etapa e ofrendaba unha oportunidade para levar a cabo un traballo coordinado, distinto ao da vella

Galeuzca, nun escenario marcado pola integración nunha Europa en transcurso de articulación económica e política. Pero a Declaración de Barcelona axiña pasou por un proceso de esmorecemento. Por ese motivo reuníronse o 25 de xaneiro do 2006 en Madrid representantes do BNG, PNV e CiU coa fin de revitalizala. Titularon o novo intento como Galeuscat. Transcorridos oito anos, reivindicaban a vixencia da Declaración. Facían un chamamento á sociedade española para debater encol dunha moderna cultura política e para promover unha concienciación colectiva da súa plurinacionalidade. Ofrecían a Europa e ao mundo as súas propostas en defensa da diversidade e comprometíanse a colaborar e dialogar cos diferentes sectores da cidadanía para difundilas. (Estévez, 2023: p. 209-215)

Con anterioridade e posterioridade houbo acordos parciais coa fin de acudir en conxunción ás eleccións ao parlamento europeo, que no poderían estritamente considerarse como galeuzcanos. Só incluiríamos como pactos Galeuzca, todos eles parciais, os dos seguintes, malia que ainda sexa arriscado valoralos. Un historiador honesto sabe que a historia é unha competición longa e sinuosa, un río caudaloso, cujas augas, a veces, mergúllanse no silencio das simas para rexurdir coa forza das cachoeiras. Por iso, os procesos e acontecementos históricos só poden analizarse globalmente dende a alta perspectiva dun “tempo” xa madurecido.

9. A DECLARACIÓN DE BONAVAL (2015)

O Bloque Nacionalista Galego (BNG), EH Bildu e a Candidatura d'Unitat Popular (CUP) firmaron esta declaración na véspera do Día da Patria Galega, 24 de xullo do 2015, en Santiago de Compostela, a prol do dereito dos Pobos a decidir. Foi rubricada nun lugar emblemático, o antigo mosteiro de San Domingos de Bonaval, onde se atopan as instalacións do Museo do Pobo Galego e na súa igrexa o Panteón de Galegos Ilustres, que acolle agamiosamente os restos dos insignes galegos Domingo Fontán, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro e Castelao. O texto da Declaración foi subscrito en galego, éuscaro e catalán:

«As organizacións abaixo asinantes somos instrumentos políticos ao servizo da Galiza, Països Catalans e Euskal Herria. As nosas formacións non

partillaron o esquema da chamada transición española nin tampouco foron cúmplices da creación da Unión Europea. Tanto o modelo territorial e político imposto no Estado español como o sistema que defende a UE, e que vemos aplicado en Grecia, téñense convertido, de facto, en expoñentes de vulneración, cando non de agresión aberta, aos dereitos da cidadanía e á soberanía dos pobos. No caso do Estado español, o denominado estado das autonomías, que non colmou as expectativas das nosas nacións, deu paso a unha recentralización e á progresiva eliminación dos escasos elementos de recoñecemento da realidade plurinacional do estado que foron conquistados en gran parte grazas á loita de quen non participamos na operación de branqueamento do réxime franquista do que son expoñentes claros a monarquía e Constitución do 1978. Por iso, e desde o respecto a realidades nacionais distintas, consideramos que non existen nin receitas nin modelos exportábeis, e que deberán ser os nosos pobos quen definan, de forma democrática, o camiño a seguir, sendo ese o verdadeiro exercicio do principio de soberanía nacional. A verdadeira democracia é aquela na que os pobos son libres para construír un futuro de xustiza social, igualdade e benestar. Un futuro que, para nós, pasa pola superación do modelo socio-económico imperante no Estado español como na Unión Europea. Coincidimos en que cada pobo debe dotarse dos instrumentos precisos para levar avante o seu proceso de autodeterminación, e entendemos que nese camiño é imprescindíbel o exercicio do principio de auto organización. As organizacións abaixo asinantes consideramos hoxe coma onte que non é posíbel unha auténtica democracia sen contemplar un proceso de ruptura co estado que nos opreme. Reclamamos para os nosos pobos o derecho a protagonizar, se así o deciden as nosas respectivas cidadanías, procesos constituíntes ou, o que é o mesmo, procesos de recuperación da soberanía e de profundización democrática que non estean subordinados a un proceso de similar natureza no Estado. Isto non significa que ollemos con desdén un cambio destas características no Estado, e en tanto que internacionalistas, podemos sentirnos e somos solidari@s cos pobos e sectores que aspiran a protagonizar unha transformación política longamente esperada.

As organizacións abaixo asinantes, reunidos en Compostela na véspera do Día da Patria Galega, comprometémonos a:

Estreitar as relacións entre os nosos pobos e promover o contacto e intercambio de experiencias políticas, sociais, culturais e lingüísticas entre as nosas respectivas nacións.

Establecer sinerxías que permitan avanzar no obxectivo común de ruptura co modelo de estado consagrado pola Constitución de 1978, e a posta en marcha de procesos constituyentes democráticos en Euskal Herria, Galiza e Països Catalans.

Apoiarnos mutuamente perante os ataques que procuren impedir o avance de cada unha das nosas nacións no camiño da súa plena soberanía.

Defender o dereito de todos os pobos do mundo a decidir o seu propio futuro sen inxerencias externas».¹³

10. A «DECLARACIÓ DE LA LLOTJA» (2019)

A «Declaració de la Llotja» foi asinada no fastoso monumento barcelonés da Llotja de Mar o 25 de outubro de 2019 por 12 forzas soberanistas catalás, vascas, galegas, valencianas e das Illes Balears. En concreto, rubricaron: JxCat, A Crida Nacional, PDCat, ERC, CUP, Demòcrates, EH Bildu, Esquerra Valenciana, Més per Mallorca, Més per Menorca, Bloque Nacionalista Galego e República Valenciana-Partit Valencianista Europeu. Entre os asistentes ao acto estiveron presentes o vicepresidente da Generalitat e coordinador nacional de ERC, Pere Aragonès; a portavoz de ERC, Marta Vilalta; o coordinador xeral de EH Bildu, Arnaldo Otegi; o conseller de Polítiques Digitals i Administració Pública, Jordi Puigneró; a candidata de JxCat ás eleccións xerais, Laura Borràs; o voceiro de JxCat no Parlament, Eduard Pujol; a deputada no Congreso de Deputados Míriam Nogueras, e o president do PDCat, David Bonvehí. Por parte da CUP asinaron Natàlia Sànchez e Núria Gibert; por parte de Demòcrates, Toni Castellà e Titón Lailla; e por parte da Crida Nacional, Toni Morral e Pilar Calvo. Polo BNG asistiron Rubén Cela e Bieito Lobeira. Estiveron ausentes e non asinaron a Declaració nin o PNV nin Compromís, aínda que no pasado amosáranse seareiros dalgunhas teses reflectidas no texto. Fontes do PNV argumentaron que non se sumaron ao texto «por la inoportunidad del momento y la falta de espíritu constructivo» e sinalaron que a Declaració subscribirase a escasos días do comezo da campaña electoral e nun «clima político enrarecido». Malia todo, o PNV asegurou que tívía «plena disposición» a

13. ESTÉVEZ (2023), p. 217-219.

traballar máis adiante nun «contexto más reposado y con el margen de tiempo que demandan los grandes acuerdos», apostando, por exemplo, pola actualización da Declaración de Barcelona de 1998, que propoñía unha reforma plurinacional do Estado.

A Declaració de la Llotja de Mar, porén, ía máis alá da convocatoria inmediata e transmitía catro trazos importantes.

1. O que estaba en xogo en Cataluña, o famoso “procés”, era un problema político e como tal só podía resolverse a través da política. As restantes vías, xudicial, policial ou militar non facían máis que agravalo. Tampouco valía calquera solución política, senón unha solución global ás legítimas aspiracións de tódalas nacións sen estado.

2. Esta Declaració mostraba ao goberno español a tesa disposición a camiñar xuntos na defensa dos dereitos nacionais das tres nacións. Malia que os asinantes integraban forzas procedentes de culturas políticas diferentes, con formulacións ideolóxico-políticas diversas, nalgúns casos en competición electoral, e de pertenza a realidades nacionais distintas, era máis o que os xunguía, a falta de soberanía real e a defensa do dereito de autodeterminación, que o que os arredaba.

3. A Declaració carreaba unha mensaxe implícita para a esquerda: nun tema como aquel non había neutralidade, nin equidistancia nin fuxida posibles. Estábase a prol da democracia e da liberdade e non co autoritarismo e coa represión. Cando a lei chocaba coa xustiza, predominaba a segunda.

4. As consecuencias e o alcance da sentencia contra os dirixentes políticos e sociais cataláns poñían tamén en grave risco os dereitos fundamentais do conxunto da poboación do Estado español. Diante dese proceso involutivo en relación aos dereitos e liberdades básicas, do aumento da represión, da persecución da disidencia política e do intento de recentralización, as formacións asinantes estarían unidas fronte ao Estado español. Este era o texto en galego, orixinalmente redactado tamén en Català e éuscaro:

«Diante da decisión da xustiza española de condenar os legítimos representantes do pobo de Catalunya e aos líderes das organizacións sociais que fixeron posibel o referendo do 1 de outubro de 2017, e fronte á grave restrición que esta sentenza imprimirá á acción política de agora en diante, as forzas políticas que subscreibimos esta declaración desexamos compartir cos nosos pobos, así como coa opinión pública do Estado español, a Unión Europea e dos países do mundo, as seguintes reflexións:

1. Máis de catro décadas despois da aprobación da Constitución Española de 1978 constátase a imposibilidade dunha plena democratización do Estado pola resistencia das vellas estruturas do réxime anterior e pola falta de vontade política dos grandes partidos españois. A innegábel modernización do Estado en moitos ámbitos non chegou a sectores fundamentais para un funcionamento democrático homologábel. Determinados ambientes políticos, xudiciais, económicos, policiais e mediáticos impediron, por acción ou omisión, que España se transformase nun Estado plenamente democrático e moderno como os da súa contorna europea.

2. Durante os últimos anos, coincidindo coa aparición de grandes correntes políticas, tanto a nivel estatal como das súas minorías nacionais, que cuestionaron o resultado da Transición, o Estado entrou nunha etapa de regresión cara unha política de carácter cada vez máis autoritario, menos democrático e más represivo. Esta reacción antidemocrática atinxiu por igual tanto aos diferentes pobos hoxe integrados no Estado español como aos movementos de ámbito estatal que piden unha modernización do Estado e a superación definitiva do réxime anterior. A restrición de dereitos e liberdades é hoxe evidente aos ollos de toda a ciudadanía.

3. A falta de respecto ao dereito á autodeterminación que España asumió e recoñeceu ao asinar o Pacto Internacional polos Dereitos Civís e Políticos é o corolario dun cada vez maior compendio de retrocesos democráticos que padecen as nosas nacións: ningún recoñecemento nin respecto á plurinacionalidade, ningunha separación de poderes, ameazas continuas de suspensión da autonomía, do autogoberno e de dereitos históricos a través de calquera vía, recorte permanente dos nosos respectivos niveis de autogoberno a medio do intervencionismo do Tribunal Constitucional e unha acción lexislativa recentralizadora, detencións arbitrarias de líderes políticos e sociais, persecución policial de activistas e actividades políticas de carácter non-violento, políticas penitenciarias e lexislacións excepcionais, persecución de artistas e publicacións, etc.

4. En consecuencia, e moi seriamente preocupados polos graves efectos que terán as sentenzas contra os líderes políticos e sociais cataláns para o exercicio de dereitos fundamentais de toda a ciudadanía, constatamos a necesidade de alcanzar un acordo político para unírmonos na defensa dos seguintes puntos:

- A. O dereito á autodeterminación dos nosos respectivos pobos.
- B. O carácter democrático e pacífico de toda a nosa acción política.
- C. A liberdade dos presos políticos e o retorno dos exiliados.

- D. As liberdades civís e políticas.
- E. As políticas sociais e económicas que permitan o progreso dos nosos pobos.
- 5. Desde a defensa destes contidos, asumimos e manifestamos o noso compromiso coa procura de solucións democráticas e estábeis ao conflito político que os nosos pobos manteñen no seo do Estado español.
- 6. Por último, apelamos á comunidade internacional a posibilitar, apoiar e promover as devanditas solucións».

Despois de cen anos de traxectoria a palabra Galeuzca adquiriu soleira, apropiouse do vocabulario popular ao referirse ás relacións trinacionais periféricas e promoveu feraces e abastecidas actividades políticas, sociais, culturais, lúdicas, sentimentais e incluso gastronómicas. ¿É factible un novo Galeuzca na actualidade? Se existe vontade política non só é posible, senón absolutamente necesario.¹⁴

BIBLIOGRAFIA

- ANASAGASTI, Iñaki (1985). *Castelao y los vascos*. Bilbao: Idatz Ekintza.
- AMEZAGA IRIBARREN, Arantzazu (1999). *Manuel Irujo. Un hombre vasco*. Bilbao: Fundación Sabino Arana.
- A NOSA TERRA (1977). *Castelao e Bóveda irmáns!! Extra 5-6*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- CASSASAS YMBERT, J. (1983). *La Dictadura de Primo de Rivera*. Barcelona: Anthropos.
- CASTELLS, Víctor (2008). *Galeuzca. Un ideal compartit*. Barcelona: Rafael Dalmau editor.
- CASTELAO, A. (1985). *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal.

14. Curta digresión final: A conxuntura é propicia e demándao. Esperamos e desexamos que nun porvir non lonxincuo xermole en renovos, cuxas gaías libres só obedezan á forza amrosa do vento soberano. A través de esta exposición fomos viaxeiros no tempo na procura dun destino soñado para os nosos tres Pobos. Nas malas portamos as palabras de quen nos precederon. Intentamos non arredarnos delas, porque son exactas, necesarias e verdadeiras. É a xustiza que reclaman algúns mártires galeuzcanos como Alexandre Bóveda o Manuel Carrasco i Formiguera. Por xustiza e respecto escribimos estas páxinas. Tamén por xustiza e respecto precisamos este facho para manter a memoria acesa, ferramenta imprescindible de futuro.

- CASTRO, Xavier (1985). *O galeguismo na encrucillada republicana*. Deputación Provincial de Ourense.
- DAS CASAS, Álvaro (1935). *Diario dunha viaxe de nazionalistas. Galeuzca*. Revista *Alento*, Santiago de Compostel·la, números 1 i 2, p. 17-32, 1934; número 3, p. 49-64, 1934; números 7 i 8, p. 97-112, 1935.
- DÍAZ FOUCES, Óscar (2021). *Estrategas, diplomatas e espíões. O galeguismo em Barcelona (1936-1939)*. La Corunya: Medulia Editorial.
- DIÉGUEZ CEQUIEL, U. B. (1989). «Castelao e o nacionalismo vasco (1931-37)». A: *Actas do Congreso Castelao*. Santiago de Compostel·la, p 67-88.
- (1991). *De la Triple Alianza al pacto de San Sebastián (1923-1930). Antecedentes del Galeuzca*. Sant Sebastià: Mundaiz.
- [comp.] (1992). *Antología de Galeuzca en el exilio. 1939-1960*. Donostia-Sant Sebastià: J. A. Ascunce editor.
- (1994). «*Castelao no Galeuzca*». A: *A Trabe de ouro*, tom I, any V, gener-febrer-març, p. 71-79.
- (2001). «O Galeuzca e a articulación ibérica en Castelao». A: *Actas do Congreso Castelao. Co pensamento en Galiza*, Concello de Pontevedra - ASPG - Universidade de Vigo: Concello de Pontevedra [editor], p. 129-160.
- (2002). *Castelao e o Galeuzca*. Santiago de Compostel·la: Laivento.
- (2003). *Álvaro de las Casas. Biografía e documentos*. Vigo: Galaxia.
- (2009a). «Bóveda no Galeuzca de 1933». A: *A Galiza de Bóveda, Actas do Congreso A Galicia de Bóveda do 2003*, p. 417-460.
- (2009b). *Galeuzca: La rebelión de la periferia (1923-1998)*. Madrid: Entimema.
- (2015). *Nacionalismo galego aquén e alén mar. Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)*. Santiago de Compostel·la: Laivento.
- (2018). «O Galeuzca e o IX Congreso de nacionalidades europeas (1933)». *Murguía*, p. 33-67.
- (2019a). *O Galeuzca e Plácido Castro*. Vigo: Igadi.
- (2019b). «Xosé Velo Mosquera e o Galeuzca de 1959 en Caracas». A: SERRA BUSQUETS, Sebastià; RIPOLL GIL, Elisabeth [edició i coordinació] (Universitat Illes Balears): «Identitats nacionals i nacionalismes a L'Estat espanyol a l'època contemporània». A: *Simposi Galeusca Història IV*. Palma: GOIB - Conselleria de Cultura, Participació i Esports - Institut d'Estudis Baleàrics, p. 117-146.

- (2020). *Da Galiza ao Galeuzca*. Santiago de Compostel·la: Instituto Galego de Historia.
 - (2021). *A Presenza de Castelao en Euskadi. Un líder carismático para os vascos*. Noia: Ed. Toxosoutos.
 - (2023a). *Galeuzca. La periferia contra el páramo*. Iruña: Nabarralde.
 - (2023b). «Estratexia e Obxectivos da viaxe triangular de Galeuzca en 1933». A: ARNABAT, Ramón; MORUNO, Carlos [coords.]. *De la primavera de las naciones a la guerra fría (1917-1947)*. Madrid: Sílex, p. 121-140.
 - (2024). «O recoñecemento internacional de Galiza nación en 1933». A: *Congreso Reconocimiento Internacional de Galiza nación*. Via Galega, p. 11-25.
- GONZÁLEZ, Helena (2011). «A “viaxe triangular” ilustrada por Joaquim Renart». *Grial*, núm. 189, p. 49-54.
- GRANJA, José Luis de la (1987). «Apéndice: documentos históricos del Archivo Ramón Goñi, conservados en la Universidad de Nevada Reno». *RIEV. Eusko Ikaskuntza - Sociedad de Estudios Vascos*, tom XXXII, núm. 1, p. 232-252.
- (1989). *La alianza de los nacionalismos periféricos en la II República: Galeuzca*. Congreso Castelao, tom I, p. 321- 347.
 - (2000). «Las alianzas políticas entre los nacionalismos periféricos en la España del siglo xx». *Studia historica. Historia contemporánea*, núm. 18, p. 149-175.
- IRUJO, Manuel (s/d). «Galeuzca. Política nacionalista vasca peninsular». A: *Libro de Oro de la Patria*. Sant Sebastià: Gurea.
- MARQUINA BARRIO, Antonio (1980). «El Pacto Galeuzca». *Historia 16*, núm. 46.
- RAPPORT, Goñi (1987). *RIEV*, any 35, tom XXXII, núm. 1, gener-juny.
- RENART, Joaquim (1975). *Diari, 1918-1961*. Barcelona: Destino.
- ROIG i LLOP, Tomàs (1978). *Del meu viatge per la vida. Memòries 1931-1939*. Barcelona: Pòrtic.
- UCELAY-DA CAL, Enric; NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M., i GONZÁLEZ VILALTA, Arnau [eds.] (2020). *Patrias diversas, ¿misma lucha? Alianzas transnacionalistas en el mundo de entreguerras [1912-1939]*. Barcelona: Edicions Bellaterra.
- UGALDE ZUBIRI, A. (1996). *La acción exterior del nacionalismo vasco (1890-1939): Historia, pensamiento y relaciones internacionales*. Bilbao: IVAP.
- ZUGAZA, Leopoldo [ed.] (1977). *Galeuzca. Galiza-Euzkadi-Catalunya*. Durango.